



Suxestión dirixida ao Concello da Coruña para que, respectando a autonomía local e a súa capacidade organizativa, valore a conveniencia de implementar un instrumento de mediación e convivencia cidadá que, cun enfoque pedagóxico e pacífico, apoie e oriente ás partes en conflito co fin de procurar unha solución áxil e eficaz que resolva a problemática da veciñanza da comunidade afectada, minimizando o deterioro da calidade de vida das persoas implicadas, impedindo que se perpetúen ditas condutas no tempo e reducindo as súas consecuencias evitando, no seu caso, recorrer a outras instancias ao tempo que se acada unha sociedade menos litixiosa

Expediente: U.8.Q/1423/22

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2024

Sra. alcaldesa:

Nesta institución iniciouse, con data do 15 de marzo do 2022, esta actuación de oficio en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, tras ter coñecemento, a través das queixas e consultas formuladas pola cidadanía, de que nas ocasións en que xorden problemáticas de convivencia entre a veciñanza dunha comunidade se perturban as relacións, se xeran conflitos que van deteriorando os vínculos e se mingua de xeito considerable a calidade de vida das persoas implicadas.

ANTECEDENTES

Ante iso, solicitamos información ao Concello da Coruña que, logo de ser reiteradamente requirida, nola remitiu. Nesta sinálase o seguinte:

Ante o requirimento da Valedora do Pobo de reposta á queixa presentada de oficio por dita institución, relativa á dispoñibilidade de recursos públicos destinados a abordaxe de conflitos veciñais de xeito pacífico e pedagóxico evitando a litixiosidade, e conforme ao deber de auxilio e cooperación establecido no artigo 26 da Lei Reguladora desta Alta institución, teño a honra de remitir as seguintes consideracións:

Que requiríuse á Dirección de Seguridade Cidadá un informe relativo ao obxecto da queixa presentada.

Que a Dirección de Seguridade Cidadá emite o correspondente informe en data 13.09.2022, o cal se achega.

A Coruña, na data da sinatura electrónica que consta no presente documento.

En relación ao escrito da Valedora do Pobo de data 29 de agosto (registro de saída 11984/22), de reiteración de resposta en relación ao expediente U.8.Q/1423/22 de queixa iniciada de oficio por dita institución INFORMO, como xa se fixo en outros expedientes de queixas por ruídos nas zona do Orzán dirixidas á institución á que teño a honra de dirixirme, que:

Existen Ordenanzas de protección da contaminación acústica que regulan e tipifican as infraccións e as sancións ante dita contaminación.

Dende a Área de Seguridade Cidadá levarase a problemática de ruídos na zona centro da cidade á próxima "Junta Local de Seguridade", co obxectivo de impulsar e reforzar o desenvolvemento das actuacións das Forzas e Corpos de Seguridade para mitigar a situación denunciada pola veciñanza.

Incrementáronse as medidas de prevención con máis presenza policial na zona para reforzar o cumprimento das normas. Estanse a utilizar cámaras móbiles persoais que levan os axentes no peito, para producir un efecto disuasorio a modo de proba das conductas infractoras.

Nos procedementos sancionadores sobre a materia, no caso de reiteración das infraccións o pola gravidade dos feitos, estase aplicando xa agravantes.

A maiores a concellaría de Relacións Institucionais, Turismo e Seguridade Cidadá realizou un contrato menor para a realización do servizo da campaña "Nocturnidad" para a sensibilización dun ocio nocturno máis cívico durante os días 6, 12, 13, 19, 20 e 26 de agosto de 2022 en horario de 00:00 a 04:00 h da madrugada en diversos lugares como poden ser Orzán, Marina, rúa Estrada e Torreiro, Plaza Josep Sellier, exteriores Palexco e Centro de Ocio, Avda. Marina etc...

Achégase o contrato realizado coa empresa e asinado polo Concelleiro de Seguridade Cidadá e Presidente do Consorcio de Turismo sobre :

CONTRATACIÓN MENOR PARA LA REALIZACIÓN DEL SERVICIO DE LA CAMPAÑA "NOCTURNIDAD" PARA LA SENSIBILIZACIÓN DE UN OCIO NOCTURNO MÁS CÍVICO DURANTE EL MES AGOSTO.

A fin de avanzar na investigación da problemática dos conflitos de convivencia entre a veciñanza, máis alá do que atinxe á contaminación acústica da zona de Orzán, que foi xa obxecto de estudo e análise en diferentes expedientes de queixa que remataron cunha resolución ditada pola Valedora do Pobo, que dedúcese foi aceptada; e logo da práctica de diferentes actuacións informais co obxectivo de coñecer, ao igual que no caso das seis restantes cidades nas que se incoara investigación de oficio e que culminaron cunha resolución, maioritariamente aceptada, logrouse incorporar con data do 1 de agosto do 2024 a seguinte comunicación:

Comunicamos que Seguridad Ciudadana no tiene ningún recurso para hacer ninguna campaña de convivencia con vecinos.

ANÁLISE

Á vista do que se manifesta nos informes remitidos por esa administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

Primeira. Cando hai un problema de convivencia entre a veciñanza dunha comunidade, con frecuencia solicítase a intervención da Valedora do Pobo. A problemática baséase na perturbación da convivencia interveciñal pola xeración de conflitos que van deteriorando as relacións, diminuíndo de xeito considerable a calidade de vida das persoas implicadas e, por extensión, da propia comunidade.

Segunda. Ante este tipo de situacións e comportamentos, consideraríase axeitado enfocar a súa abordaxe de xeito pacífico e pedagóxico, brindando apoio ás partes implicadas, facilitando a comunicación cara a definir o problema, ventilar emocións, suavizar posturas, concretar solucións e restaurar dalgún xeito un nivel de convivencia social aceptable se estivese alterado.

Terceira. Cómpre partir da consideración de que a convivencia na comunidade implica a aceptación e o cumprimento das normas sociais que fan posible o exercicio dos dereitos individuais das persoas ao tempo que se fan compatibles co exercicio dos dereitos dos demais.

Cuarta. Por iso e coa finalidade de superar as situacións de conflito xurdidas entre a veciñanza desas comunidades, un instrumento que podería incardinar orientación e apoio, auxiliando as partes a fin de xestionar tanto o aspecto relacional como o asunto obxecto da denuncia, sería a creación dunha oficina de convivencia cidadá ou calquera outro recurso similar.

A finalidade dun instrumento desta natureza, cuxa razón de ser inicial é a de converterse nun recurso ao servizo dos axentes da autoridade, facilitaría a comunicación entre as persoas interesadas e constituiría unha fórmula rápida, sinxela e eficaz onde se ofrecería

ás partes un tempo e un espazo para atopar algunha solución que resolva a problemática de xeito que non se perpetúe no tempo con eventuais consecuencias impredecibles.

Quinta. Pola tipoloxía dos asuntos, así como pola proximidade das persoas afectadas, a mediación que se podería propoñer dende esa oficina procuraría reducir ao mínimo a burocracia e os trámites que acompañan a este tipo de procesos. Esta liña de intervención tería o propósito de conseguir con axilidade e eficiencia non só unha solución ao problema, senón a consecución dun dos piares ou obxectivos fundamentais como é o de educar na convivencia.

Sexta. A *Ley 7/1985, de 2 de abril reguladora de las Bases de régimen local*, no seu artigo 25, di: *“El Municipio, para la gestión de sus intereses y en el ámbito de sus competencias, puede promover actividades y prestar los servicios públicos que contribuyan a satisfacer las necesidades y aspiraciones de la comunidad vecinal en los términos previstos en este artículo”*.

Compre invocar, así mesmo, o *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales*, nomeadamente os artigos 1, 4 e 5.

A Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, no seu artigo 80 prevé: *“O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar tódolos servicios públicos que contribúan a satisfacer las necesidades e aspiracións da comunidade de veciños”*.

Toda vez que os entes locais para regular determinadas condutas da cidadanía ou para organizar os seus propios servizos poden ditar disposicións de carácter xeral —como serían as ordenanzas— e dita potestade normativa local é unha manifestación da súa autonomía local, esta institución da Valedora do Pobo vai formular unha resolución co obxectivo de que problemáticas como as expostas, das que temos coñecemento polas queixas ou consultas que se formulan, atopen unha vía de solución que evite a xudicialización do conflito.

Todo iso dende a consideración, por unha banda, de que a potestade de autoorganización e regulamentaria municipal constitúe un instrumento clave para canalizar as regras de xogo da convivencia cidadá satisfacendo as necesidades e aspiracións das comunidades veciñais e, pola outra, do respecto desta institución á autonomía municipal para a xestión dos seus intereses, acuñada pola Constitución no seu artigo 137 e pola Carta europea de autonomía local en relación co artigo 140 da CE.

Por conseguinte, e sen prexuízo do labor de cooperación na resolución de conflitos privados que realiza a Policía Local no exercicio das funcións que ten legalmente

atribuídas, podería valorar, como teñen xa feito outras cidades, a posibilidade de implantar un recurso público destinado a cooperar cos veciños e as veciñas na resolución amigable dos conflitos de convivencia que poidan xurdir.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar ao Concello da Coruña a seguinte **suxestión**:

Que, respectando a autonomía local e a capacidade organizativa dese ente local, valore a conveniencia de implementar un instrumento de mediación e convivencia cidadá que, cun enfoque pedagóxico e pacífico, apoie e oriente ás partes en conflito co fin de procurar unha solución áxil e eficaz que resolva a problemática da veciñanza da comunidade afectada, minimizando o deterioro da calidade de vida das persoas implicadas, impedindo que se perpetúen ditas condutas no tempo e reducindo as súas consecuencias evitando, no seu caso, recorrer a outras instancias ao tempo que se acada unha sociedade menos litixiosa.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo e recordámoslle a necesidade de que, no prazo de un mes, dea conta a esta institución da aceptación da suxestión formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número de tipos de queixas presentadas, daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola Administración pública galega.

Agradecéndolle a súa colaboración, saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo (en funcións)